

ACTA

En Arzúa, a 31 de maio de 2017

Sendo as 10.10 horas, reunense no Salón de Comisións da Casa do Concello, os seguintes membros integrantes da Comisión Seleccionadora que realizará as **entrevistas**, de que consta a segunda fase do proceso de selección convocado para **poder seleccionar ás catro persoas que serán contratadas como peóns de servizos varios**, para a realización dun Programa de Integración Laboral, mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais, financiado pola Deputación Provincial de A Coruña; e iso, por un período de seis meses, cunha xornada de traballo de vinte e cinco horas semanais; sendo acordada esta contratación por decreto do alcalde de data 10 de abril de 2017, a través de cuxo decreto se aprobaron tamén as bases que rexirán o proceso de selección.

Asisten a esta reunión os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

Presidente: AnaVallo Camba (*Axente de emprego e desenvolvemento local do concello de Boimorto*).

Vogais:

- Ramón Verea Castelo (*Encargado de mantemento dos servizos municipais*).
- Jesús Rúa Taboada (*Condutor e operario de servizos varios do concello de Arzúa*).

Secretario: Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-- a presidenta declarou constituída dita Comisión Seleccionadora, dispoñendo que se proceda a efectuar as entrevistas de que consta a segunda fase do proceso de selección, que -tal como indica na Base Décima- versará sobre o currículo vitae de cada aspirante e a adecuación e coñecemento dos mesmos en relación co posto de traballo; cuxas entrevistas poderán ser puntuadas ata un máximo de 4 puntos.

Os integrantes da Comisión seleccionadora decidiron que as cuestións a formular a cada aspirante fosen as tres seguintes:

1ª) Á vista do teu currículo, ¿dinos cal foi a túa experiencia laboral, relacionada con este posto de traballo?

2ª) ¿Que EPIS utilizarías para realizar as funcións previstas para este posto de traballo?

3ª) En relación co sistema de reciclaxe de produtos, ¿indica en que contedor depositarias cada un dos seguintes dous materiais: un tubo cheo do produto 3 en 1 e unha fotografía?

Acto seguido procedeuse a chamar aos aspirantes polo mesmo orde no que figuran rexistradas as súas instancias no Rexistro Xeral do Concello.

Tras considerar a Comisión Seleccionadora as respostas dadas polos doce aspirantes que compareceron a realizar estas entrevistas, dos vinte e catro que solicitaran tomar parte neste proceso

de selección.

Por unanimidade dos catro membros da Comisión Seleccionadora acordouse outorgar as seguintes puntuacións

	Nome e apelidos	Puntuación entrevista
1	José Ramón Carril Carril	3
2	Asunción Crego Alario	2,5
3	Javier López Nieto	NP
4	Ana Belen Freire Quintás	NP
5	José López Nieto	NP
6	Sergio Pardo Jorge	NP
7	Luis López Sanchez	3,5
8	David Rodríguez Sánchez	2
9	M. ^a Sonia Rodríguez Camba	1,50
10	Lopes Alberto Manuel	2
11	José Angel Rey Rivadulla	2
12	Manuel Fernando Pampin Fente	NP
13	Alejandro Pérez Vázquez	NP
14	Salome Gómez Rama	3
15	Javier Montero Vázquez	2
16	Juan Sebastian Rodríguez Busto	NP
17	Jesús Sesar García	2
18	José Manuel Iglesias Pampín	NP
19	José Luis Vázquez Astray	3
20	Antonio Enjamio Blanco	NP
21	Ana Isabel Iglesias Pampin	NP
22	José Mato Martínez	NP
23	José Veiga Villar	NP
24	Miguel Angel Meijide Cesar	3,50

E resultando que, conforme ao disposto na Base Décima das que rixen o proceso de selección, quedarían eximidos de realizar o exercicio sobre coñecementos do idioma galego, aquelas aspirantes que acrediten poseer o Celga 2, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia; de maneira que aos aspirantes que posean o Celga 2 se lles atribuirá a máxima puntuación de 1 puntos nesta proba.

Dándose a circunstancia de que, do exame da documentación presentada por cada aspirante, dedúcese que só catro, dos aspirantes que compareceron a realizar as entrevistas, non acreditaron poseer o Celga 2 o seu equivalente; en concreto: Jesús Ramón Carril Carril, Luis López Sánchez, José Luis Vázquez Astray e Jesús Sesar García

Ante a dificultade de poder reunirse na próxima semana todos os integrantes da Comisión

Seleccionadora, acordouse -por unanimidade de seus catro membros- preguntar a cada un dos catro aspirantes citados, (despois de realizar as súas entrevistas), se querían realizar a proba sobre coñecemento do idioma galego no día de hoxe, a partir das 12.00 horas, sen esperar o período de tempo legal que debe transcorrer entre cada exercicio; manifestando os Sres. Carril Carril e Vázquez Astray, que estaban de acordo, mentres que os Sres. López Sánchez e Sesar García, manifestaron que tamén estaban de acordo, aínda que posiblemente non comparecerían a realizar esa proba, xa que a puntuación obtida nas outras dúas fases do proceso de selección non lles acadaban para ser propostos entre os catro primeiros aspirantes para ser contratados.

Tras todo o exposto, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos catro membros asistentes- adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas para cada un dos doce aspirantes que compareceron a realizar as entrevistas, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión para os interesados poidan coñecer as puntuacións obtidas nesta segunda fase do proceso de selección.

Segundo.- Convocar aos tres aspirantes, que non acreditaron que estivesen en posesión do Celga 2 ou equivalente, para que comparezan as 12.00 horas do día de hoxe no Salón de Comisións da Casa do Concello, co obxecto de realizar o exercicio de galego que constitúe a terceira e última fase do proceso de selección.

Co cal douse por rematado o acto, as 11.30 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscrita por todos os membros da Comisión Seleccionadora, e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.